



François Bégaudeau, *La clase*.

Unha escrita descontinua que vai captando diferentes escenas e conflitos co alumnado e cos seus colegas, case coma se fose unha cámara. A clase é unha crónica do seu labor como profesor, engadindo mesmo as súas propias dúbidas e poñendo de manifesto as dificultades que xorden nas aulas, nos claustros, entre os adolescentes e tamén entre os adultos.



James Kakalios, *La física de los super-héroes*.




Doutor en ciencias físicas fanático dos cómics quen, analizando os personaxes da súa devoción para determinar a plausibilidade de tales ou cales superpoderes, introduce ao lector, dunha forma indolora, nos principais conceptos de mecánica clásica, termodinámica, movemento harmónico simple, electromagnetismo, física de

partículas... Todo condimentado cunha narración que non se toma en serio a si mesma, moi amena e con altas doses de humor.

Alan Moore e David Lloyd, *V de vendetta*.



Tras a terceira guerra mundial, Inglaterra cae baixo o control da ultradereita fascista e queda sumida nun réxime totalitario que controla á poboación mediante métodos policiais, propagandísticos e tecnolóxicos. Con todo, un terrorista subversivo, que se autodenomina V e que oculta a súa identidade disfrazándose de Guy Fawkes, non pensa permitir que ese réxime perdure moito máis. O guión e o debuxo, dun marcado dramatismo, converten esta obra nun auténtico clásico da novena arte.



A Biblioteca lembravos que podedes levar prestados libros para o verán. Agardamos que teñades unhas vacacións cheas de amizade, praia, e boas lecturas.

biblioteca

Guía de lectura

4º Eso

Bacharelato e Ciclos



verán 2009

bibliofernandoblanco.blogspot.com


equipo de normalización lingüística



Anxel Fole, *Á lus do candil*.

Unha colección de quince relatos nos que a imaxinación e o humor xogan un papel importante á hora de desenvolver as sorprendentes historias de misterio que xorden da vida cotiá. Coma os

contos que se comparten ao carón da lareira, as narracións de Fole conservan toda a frescura e espontaneidade, toda a graza e lixeireza que autores coma Italo Calvino consideran unha das virtudes fundamentais das obras literarias.




Edgar Allan Poe, *O escaravello de ouro e outros contos*

Con sete dos contos máis coñecidos do escritor norteamericano, *O escaravello de ouro* penetra neses terreos do misterio e das tebras onde Edgar

Allan Poe soubo crear maxistralmente unha atmosfera enrarecida e un espírito dominado pola angustia e o terror que tanto caracterizan a súa prosa. Poe, loado por escritores como Baudelaire, foi un amante da beleza e da perfección, e fixo da súa vida un reflexo da súa obra.

Ramón Núñez, *Un científico en la cocina*.

Éste non é un libro de cociña ao uso, xa que non contén receitas, senón que explica con divertidas anécdotas e un pouco de historia, os usos do sal, os poderes curativos das baías ou quen creou a primeira fábrica de sardiñas en lata. O autor ganduxa historias curiosas sobre os alimentos en clave amena e acadable.




Carlos Giménez, *Todo Paracuellos*

Neste volume recóllese a serie completa de historietas sobre a infancia na posguerra. Por estas páxinas paséanse os orfos que deixou a guerra civil, coas súas bromas, os seus xogos e os seus heroes do cómic; os falanxistas que lles inculcaban “o espírito nacional”, as nais separadas dos seus fillos, a fame e a soidade. Unha autobiografía en viñetas que fala sobre a represión que o franquismo exerceu nunhas cantas xeracións de españois a través dos fogares da Obra Nacional Auxilio Social.

Sándor Márai, *El último encuentro*.

Un xeneral ancián vive apartado no seu castelo. Unha noite convida a cear a Konrad, un vello amigo, que regresou á patria. É o punto de partida a unha serie de recordos de toda unha vida: os pais do xeneral, a súa infancia, a súa amizade en aparente inquebrantable con Konrad...



J.D. Salinger, *O vixía no centeo*.



Holden Caulfield, coñecendo que vai ser expulsado da escola, decide deixala antes. Pasa tres días na cidade de Nova York e conta a historia do que fixo e sufriu.

J.D. Watson, *La doble hélice*.

Trátase dun texto autobiográfico de James Watson, bioquímico descubridor, xunto con Francis Crick, da estrutura da que é, indubidablemente, a molécula máis importante para a vida e a historia da Bioloxía: o ácido desoxirribonucleico ou ADN.

